



CIRCULAR INFORMATIVA 21/2019

- Recordatorio de xornadas e proxección do documental “La defensa, por la libertad”
- Convenios con Clínica Dental Dublín e Opticalia Casa de los Lentos

1. RECORDATORIO: XORNADAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO

1. “A fase de instrución nos delitos sexuais. A investigación policial na trata de seres humanos con fin de explotación sexual”

Día: martes, 10 de decembro de 2019

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Horario: de 19.00 a 21.00 h

Prazas: 100 (quedan 30)

Inscrición: mediante solicitude dirixida ao enderezo icas@icasantiago.org

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA Santiago

Relatora/or: **Ana López-Suevos Fraguela** (maxistrada do Xulgado de Instrución Núm. 1 de Santiago de Compostela) e **Jesus Pérez Fraga** (inspector de policía, xefe do Grupo de Investigación da UCRIF)

2. “Delitos sexuais: Tipos penais, proba, perspectiva de xénero e dereito de defensa. A proba forense neste tipo de delito”

Día: luns, 16 de decembro de 2019

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Horario: de 19.00 a 21.00 h

Prazas: 100 (quedan 20)

Inscrición: mediante solicitude dirixida ao enderezo icas@icasantiago.org

Custo: gratuíto para colexiados/as do ICA Santiago

Relator/a: **José Gómez Rey** (maxistrado da Sección 6ª da AP da Coruña) e **Begoña Rubio Viqueira** (médica forense do Imelga)

2. RECORDATORIO: PROXECCIÓN DO DOCUMENTAL “LA DEFENSA, POR LA LIBERTAD”, COA INTERVENCIÓN DE CRISTINA ALMEIDA

Día: 17 de decembro

Lugar: Sala Numax

Horas: 19.00 h (1º pase) e 21.00 (2º pase)

Intervención: **Cristina Almeida** (no coloquio tras o 1º pase e na presentación do 2º)

Entradas: 80 gratúitas (50 para o 1º pase e 30 para o 2º)

Reserva de entrada: solicitude dirixida ao enderezo icas@icasantiago.org indicando o pase escollido

Prazo para reserva: ata o 10 de decembro ás 20.00 h

Retirada de entradas: ata o 13 de decembro ás 14.00 h

Máis información: circular 20/2019



3. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

1. Convenio con Clínica Dental Dublín

O Colexio subscribiu un novo convenio con Clínica Dental Dublín para a prestación de servizos odontolóxicos e mediante o cal os colexiados e colexiadas, así como os seus familiares directos, se poderán beneficiar dos seguintes descontos e vantaxes.

- Revisión anual e limpeza dental básica gratuíta
- 10 % de desconto en todos os servizos odontolóxicos básicos (consultar carta de servizos)
- 15 % de desconto en servizos odontolóxicos especializados (consultar carta de servizos)
- Financiamento de 3 a 36 meses (consultar condicións)
- 1 hora de aparcadoiro gratuito durante a prestación dos servizos básicos ou especializados.

A Clínica Dental Dublín está situada na rúa Dublín, 4, baixo, das Fontiñas. Poderase realizar calquera aclaración sobre os servizos incluídos no convenio ou concertar cita a través do teléfono 881 971 349. Para acollerse aos beneficios indicados, abondará con amosar o carné colexial.

2. Convenio con Opticalia Casa de los Lentes

Mediante a sinatura deste acordo, os colexiados e colexiadas poderán acceder de forma gratuíta ao programa Opticalia Premium Class, que permite beneficiarse dunha serie de descontos e vantaxes exclusivas na rede de establecementos Opticalia Casa de los Lentes. A través da tarxeta Opticalia Premium Class aplicaranse en todos os establecementos Opticalia uns descontos do 20 % en produtos de óptica, contactoloxía e audifonos e do 10 % no resto de produtos.

Para acceder a estas vantaxes e beneficios, os colexiados e colexiadas deberán identificarse mediante o seu carné colexial. A emisión da tarxeta Opticalia Premium Class poderá solicitarse de forma gratuíta en calquera dos establecementos de Opticalia.